



CUESTIÓNS RELEVANTES A TER EN CONTA NO PROCESO DE REORGANIZACIÓN DE EFECTIVOS. FASE III

1. Como afecta a cada traballador/a o proceso de reorganización derivada da implantación da Nova Oficina Xudicial?

O proceso establecido de conformidade co disposto na lexislación vixente, "Procedemento para o desenvolvemento da reorganización de efectivos das oficinas de xustiza, oficinas xerais do rexistro civil e oficinas de xustiza do municipio da Fase III", pode consultarse na intranet de xustiza a través do seguinte enlace:

https://intranet.xustiza.gal/documents/20562/26660/250911_PROCESO+REORDENACI%C3%93N+FASE+III_DEF.pdf/ace48087-c91b-4840-a785-bc6ca217f2e8

2. En que consiste o proceso de confirmación?

A Administración adxudicará de oficio os postos de traballo dos centros de destino, cuxas funcións e competencias teñan carácter de continuidade na nova estrutura organizativa que se despregue, se existe un número igual ou menor de funcionarios destinados en postos de orixe, que poidan ser axustados en postos de traballo da correspondente unidade organizativa da nova estrutura. É dicir, trátase dunha adxudicación no posto de similares características ás que se viñan desenvolvendo na actualidade.

3. Cómputo dos criterios para levar a cabo a reordenación ou a reasignación forzosa

Confirmación. A antigüidade computarase desde a resolución de nomeamento no posto actual desde o que se produce a confirmación.

Reordenación/Reasignación. Neste caso súmase o tempo traballado noutras unidades do mesmo centro de destino. A antigüidade computarase desde a resolución de nomeamento no centro de destino.

- Para efectos da antigüidade no corpo ou no centro de destino non se terá en conta o tempo de servizos prestados como persoal interino no devandito corpo. Tampouco o tempo en substitución ou en comisión de servizos para efectos de antigüidade no centro de destino.



- Persoal destinado en unidades dependentes do decanato (SCA/PRI/SCACE), tomarase como centro de destino o Decanato. Por exemplo, unha persoa destinada no Decanato PRI 5 anos e agora destinada no SCA 2 anos, sumará 7 anos de antigüidade no centro de destino.
- Audiencias desprazadas: o centro de destino son as seccións da audiencia da localidade.

4. Que pasa se hai máis persoas funcionarias que postos para confirmar?

Nese caso terán preferencia para confirmarse as persoas que teñan máis antigüidade no posto actual. Para esta determinación consultarase a través de OPAX a todo o persoal pola súa preferencia á hora de confirmar, ou non.

5. Terá preferencia o persoal que só tramita ou só executa fronte ao que tramita e executa á hora de confirmarse?

Non.

6. Persoal que se xubila antes do 31.12.2025

Este persoal non estará en activo no momento en que entre en funcionamento a nova oficina por tanto non participarán dentro dos procesos de reordenación nin se acordará, no seu caso, a súa continuidade nas comisións/substitucións.

O que se xubile o mesmo día 31.12.2025 ou posterior, participará no proceso.

7. Letrados/as substitutos/as en situación de excedencia con reserva de posto na localidade

Este persoal ten dereito á reserva dun posto na localidade, pero non á reserva dun posto concreto. Por tanto, non poden participar na fase de confirmación, reordenación ou reasignación. Reservaráselles unha posto vacante para adscribirles provisionalmente cando reingresen tal e como se fai na actualidade.

Aquelas persoas nomeadas letrados/as substitutos/as a partir do 24.12.2024 ás que se aplique a modificación do RD 1451/2005, ao reservar un posto concreto, participarán no proceso de reordenación como o resto de persoal con destino definitivo.



Os letrados e letradas en prácticas que teñan concedida a licenza extraordinaria teñen que participar no proceso de reorganización como xestores/as.

8. Persoal en adscrición provisional

Adscribiranse ás vacantes que resulten do proceso de reorganización onde corresponda seguindo os criterios do plan de reorganización.

9. Comisións e substitucións

Tentarán manterse na medida do posible. No caso de que o posto definitivo resultado da reorganización sexa igual ao que se ocupa en comisión de servizos ou substitución esta cesará.

10. Prazas ocupadas por persoal interino

Se unha persoa interina foi nomeada para cubrir a outra (por exemplo, por unha licenza por enfermidade), moverase ao mesmo posto que a persoa á que cobre. O persoal interino que non se atope traballando moverase ao posto que corresponda, dependendo de se cobre a outra persoa funcionaria ou unha vacante.

Ata o 30.12.2025 seguiranse aplicando os criterios de cesamento establecidos no artigo 21.3 da Orde de interinos. A partir da entrada en funcionamento das novas unidades o 31.12.2025 cesará quen lle corresponda en función do código da praza que ocupa.

11. Concursos específicos/Libre designación

Os postos obtidos por concurso específico ou libre designación son postos de carácter definitivo.

12. O persoal do SCA, pode confirmarse?

Ao desaparecer este servizo como tal, non poden ser obxecto de confirmación, polo que irán á fase de reordenación, ou no seu caso, reasignación forzosa.



13. Actos de comunicación. Poderán na fase de reordenación pedir outras prazas que sexan fora desta área ou van ir a reasignación forzosa?

Este persoal será obxecto de confirmación. Os que non se confirmen, no caso de que haxa máis persoas que prazas, irán a reordenación, e por último, se procede, a reasignación forzosa.

14. Non se vai confirmar directamente en prazas con código GA a quen agora está destinado nos Xulgados de Instrución?

No caso de ofertar para confirmación postos que conleven a realización do servizo de garda, terán preferencia as funcionarias e os funcionarios con destino de procedencia nalgún dos órganos xudiciais incluídos no proceso de implantación con funcións de garda, aplicándose o criterio de maior antigüidade no posto de orixe previo ao acoplamento, sempre que se respecte a regra de dotación proporcional prevista.

15. En que situación queda o/a Xefe/a de equipo que renuncia ao pasar o ano?

Estarase ao disposto no artigo 54 do RD 1451/2005.

16. No caso de renuncia dun/ha xefe/a de equipo esa praza volverá a saír a concurso específico, ou se cubrirá con Comisión ou Substitución?

Volvería a ofertarse a CE, sen prexuízo da cobertura temporal por outro sistema en caso de urxencia.

17. No caso dos xulgados de VSM de Santiago e Ourense, se o/a funcionario/a confirma na RPT con código VSM, perde o dereito as gardas?

Non o perde. Ten dereito a facelas, e nese caso, cobralas.

18. Se non confirma en VSM pode optar a ese destino outro/a funcionario/a dos que poden elixir entre tramitación e execución?

Non, ese posto irá ao proceso de reordenación.



19. Xulgados de VSM de Vigo e Coruña, aplica a porcentaxe ou este persoal vai directamente a confirmar nos postos de VSM?

Confirmaríanse nos postos VSM.

20. No caso dos Equipos estruturais de Familia das cidades de Vigo e Coruña, os funcionarios máis antigos que estean a prestar servizos nos Xulgados de Familia quedarán confirmados no equipo de Familia?

Si.

21. Que escalafón se vai ter en conta no proceso de reorganización?

O último remitido e validado polo Ministerio de Xustiza, de data 28/08/2025.